

CICLO DE SPOKEN WORD PALABRAS NA ILLA DO PENSAMENTO

Illa de San Simón, 25 e 26 de setembro


www.creativacultural.com

www.agadic.info

www.illadesansimon.org

creativa
INICIATIVA CULTURAL
GALICIA - NOROCCIDENTAL DE PORTUGAL

CICLO DE SPOKEN WORD PALABRAS NA ILLA DO PENSAMENTO



Illa de San Simón
25 e 26 de setembro

**Entre a música, a literatura e a pintura
aparece o xénero do futuro**

Unha travesía pola ría de Vigo, unha experiencia única que trasladará o navegante á Illa de San Simón, A Illa do Pensamento, un lugar máxico, onde as palabras amosan todo o seu poder, na compañía da música e da pintura.

Nesta ocasión, San Simón, A Illa do Pensamento, no seu Ciclo de Spoken Word, acolle os espectáculos de dous referentes na nosa literatura, o escritor Manuel Rivas e o poeta Carlos Oroza, e a exposición pictórica de Vilas-Bugallo.

Non quedes varado en seco!

**Sábado 25 de setembro 18.00 horas:
MANUEL RIVAS presenta OS LIBROS ARDEN MAL.**

**Domingo 26 de setembro 18.00 horas:
CARLOS OROZA presenta ALICIA NAS ILLAS**

Entradas e viaxe en barco:

Reserva en **Viaxes Loa**

Teléfono : 902 022 537

mail: loa@viaxesloa.com

O barco sairá o sábado e o domingo ás 17.00 horas do Porto de Vigo



25 de setembro. 18.00 horas

MANUEL RIVAS Os libros arden mal. Literatura & Música

O escritor galego Manuel Rivas presenta unha performance literaria e musical da súa novela Os libros arden mal. Acompañado polo cantante de tangos Marcos Meléndrez, o guitarrista Gastón Rodríguez e o gaiteiro, cantante e serruchista Pulpinho Viascón, Rivas levará a cabo este concerto escénico baseado na súa última novela, ambientada na Guerra Civil.

Neste espectáculo, palabras, música e imaxes van construíndo un espazo de re-existencia e de memoria sensorial sobre as cinzas da desolación. O punto de partida do relato e do espectáculo é un episodio real: a queima de libros das bibliotecas populares na dársena da Coruña, en agosto de 1936, e vai seguindo o rastro do fume que desprenden as fogueiras, ata que nas esquinas da historia escóitase o clamor de tangos, a melancolía indómita do mar, o serrucho que sona como un violín...



Manuel Rivas


“Palabras, música e imaxes constrúen un espazo de re-existencia e memoria sensorial sobre as cinzas da desolación”

26 de setembro. 18.00 horas

CARLOS OROZA Alicia nas Illas. Performance literaria

Carlos Oroza presenta a súa performance literaria Alicia nas illas, coa intervención dixital e pictórica do artista vigués Vilas-Bugallo. Orozo, o único poeta europeo nomeado no clásico da Xeración Beat Un Coney Island de la Mente de Lawrence Ferlinghetti, presentará neste espectáculo unha experiencia arredor de Alicia coa illa de San Simón como emprazamento e inspiración.

Alicia é unha das grandes obras de Oroza, publicada en 1983 e a única da súa produción literaria que foi traducida ao galego. No poema retrata a unha muller illada no mar de cemento, alimentada por aqueles espíritos femininos que cantan ao amante desde a Illa de San Simón, oito séculos atrás. Vilas-Bugallo, artista plástico e filósofo, encárgase da arquitectura escénica. A súa obra pictórica amosa unha gran personalidade na composición da cor. Na realización de vídeo dixital o tratamento das imaxes é case físico, a través de texturas e movementos dun imaxinario propio.



Carlos Oroza

“Unha muller illada no mar de cemento, alimentada polos espíritos femininos que cantan ao amante desde San Simón”